

Ante o feminicidio de Fadoua Akkar en Domaio:

Compañeiras, o sábado coñeciamos a terríbel nova dun trágico suceso en Domaio, concello de Moaña. O propio sábado á noite confirmáronse as nosas sospeitas: un novo feminicidio na Galiza. Desde o feminismo galego activamos o noso protocolo de alarma que ten como obxectivo organizar unha resposta que se materialice en mobilizacións por todo o país en repulsa dos feminicidios e do terrorismo machista.

Desde o ano 2010 son máis de 70 as mulleres asasinadas na Galiza. Estas son as cifras da vergoña, cifras que se verán incrementadas cando sexan esclarecidos os casos pendentes, que non esquecemos. A violencia non cesa, os feminicidios son só a mostra máis brutal e cruel das violencias que día a día vivimos as mulleres, os feminicidios son o cumio dun sistema que existe para oprimirnos.

Ante cada novo asasinato machista hai cada vez máis indiferenza e atopamos por parte das institucións unha simple declaración ritual como se fose inevitábel. Cantas temos que ser asasinadas?

O feminismo galego non vai avalar ningunha medida estética que non vaia ao fondo do problema, moito menos de quen vén de suprimir a Secretaría Xeral de Igualdade, de quen licita os centros 24h de atencións a vítimas de violencia sexual para que a xestión sexa privada. O que lle pedimos ás institucións é que se deixen de lazos lilás e de políticas estéticas e aborden a cuestión da violencia machista como unha prioridade para a acción política.

E por isto compañeiras, temos a obriga de organizarnos fronte a quen quere destruírnos, construír discursos inclusivos en todos os ámbitos nos que participamos, porque somos feministas o ano enteiro, porque sen organización e sen loita non hai dereitos para as mulleres.

Desde as rúas organizamos a raiba fronte quen quere acabar connosco, porque sabemos que todos os avances foron gañados desde aquí, desde a constante mobilización feminista. E desde aquí tamén exiximos que a lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia machista sexa efectiva, reclamamos recursos para abordar este problema en todas as etapas das nosas vidas e demandamos un compromiso real, de toda a sociedade galega, para acabar co terrorismo machista.

Hoxe tomamos a rúa por Fadoua Akkar, para responder á violencia que sufrimos as mulleres. Somos e seremos o berro das que non teñen voz. Por Fadoua e por todas,

QUERÉMONOS LIBRES E QUERÉMONOS VIVAS E SEGUIREMOS EN MARCHA ATÉ QUE TODAS SEXAMOS LIBRES.

